

Plan de Acción Titorial (PAT)



XUSTIFICACIÓN:

Entendemos a acción titorial como un labor pedagógico encamiñado á tutela, acompañamento e seguimento do alumnado coa intención de que o proceso educativo de cada alumno se desenvolva nunhas condicións o máis favorables posible. A acción titorial non se pode separar polo tanto do proceso de ensino aprendizaxe. Concibimos a titoría como un recurso educativo e por iso o noso Plan de Acción Titorial trata de ser coherente cos principios e criterios educativos acordados no PEC, nos Proxectos Curriculares de cada etapa e no Ideario do noso Centro.

Entendemos a orientación e a titoría dos alumnos como unha tarefa de todo o profesorado, como algo que abrangue tanto as actuacións que, con carácter máis específico, desenvolve o profesor titor co seu grupo ou na comunicación coas familias e o resto do profesorado, como aquelas outras que cada profesor dentro da súa área leva a cabo para orientar, tutela e apoiar o proceso de aprendizaxe de cada un dos seus alumnos.

O Plan de acción titorial (PAT), recolle a planificación das actividades que corresponden ós titores, xa que unha vez designados, poderán realizar as propostas que consideren oportunas para su discusión e inclusión no propio PAT. Igualmente, recolle a atención aos alumnos ós pais, establecendo os mecanismos e procedementos de comunicación centro -familias.

O procedimento de designación de titores, adquire polo tanto, unha importancia especial, considerando necesario elaborar un subproceso que o regule e normatice.

O PAT recollerá, entre outras, actividades que fomenten o desenvolvemento de competencias, mellora da convivencia escolar, actividades de pastoral, e plan lector

OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS DO TITOR/A

OBXECTIVOS XERAIS

1.- Establecer o marco de desenvolvemento da acción titorial e os procesos dela derivados, contemplados como un compoñente básico da práctica docente que implica a todo o profesorado (independentemente de ter asignadas labores de titoría ou non), que atende a todo o alumnado do

centro, respectando as características e necesidades individuais á vez, con una especificidade propia de cada etapa educativa.

2.- Organizar os procesos implicados na planificación, desenvolvemento, execución, seguimento e avaliación da acción tutorial.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Participar en desenvolvemento do plan de acción tutorial nas actividades de orientación, baixo a coordinación da Xefatura de Estudos en colaboración co Departamento de Orientación.
 - Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos do seu grupo.
 - Organizar e presidir as sesións de avaliación do o seu grupo.
 - Colaborar co Departamento de Orientación, nos termos que estableza a Xefatura de Estudos.
 - Canalizar as inquietudes e demandas dos alumnos e mediar, en colaboración co delegado e subdelegado do grupo, ante o resto dos profesores e do equipo directivo nos problemas que se formulen.
 - Elaborar informes sobre o grao alcanzado no cumprimento dos obxectivos por parte dos alumnos.
 - Coordinar as actividades complementarias para os alumnos do seu grupo
 - Informar aos pais, aos profesores e aos alumnos do grupo de todo aquilo que lles concirna, en relación coas actividades docentes e o rendemento académico.
 - Facilitar a cooperación educativa entre os profesores e os pais dos alumnos.
- Co equipo docente
- Recoller informacións, opinións e propostas sobre temas que afecten aos alumnos de clase.
 - Comunicar aos profesores aquelas informacións que poidan ser útiles para ao seu labor educativo.
 - Mediar, cando sexa preciso, nas situacións de conflito entre o alumnado, o profesorado e as familias.
 - Implicar o profesorado do grupo nas accións que considere oportunas.
 - Promover reunións coordinadas pola Xefatura de Estudos, entre o titor/a, o claustro de profesores e o Departamento de Orientación, para o seguimento dos alumnos e a unificación dos criterios de intervención. Ademais, sempre que se considere necesario, terán lugar reunións entre os titores e os profesores do mesmo nivel co fin de xuntar criterios de actuación.
 - Coordinar, xunto co D.Orientación, as actividades de apoio ou reforzo educativo para aqueles alumnos que o requiran.
 - Colaborar directamente coa Xefatura de Estudos para a creación dun clima positivo de convivencia, de disciplina e de traballo dentro do grupo.
- Co alumnado
- Facilitar a integración dos alumnos no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do colexio.
 - Orientar e asesorar os alumnos sobre as súas posibilidades académicas e profesionais
 - Coordinar as actividades complementarias para os alumnos do seu grupo
 - Informar os alumnos do grupo de todo aquilo que lles concirna, en relación coas actividades docentes e o rendemento académico.
 - Realizar un seguimento individual do alumno e do grupo correspóndelle.
 - Observar o estilo de aprendizaxe dos alumnos.

- Detectar, previr e axudar nas dificultades que poidan afectar á diversidade do alumnado do grupo, tanto no que a refire a aptitudes, como a intereses e motivacións, coa finalidade de orientar na resolución das dificultades ou necesidades.
 - Promover actividades que fomenten a convivencia e a integración.
 - Dinamizar as sesións que se vaian vai realizar co grupo, de tal maneira que as actividades programadas teñan a maior efectividade posible.
-
- Reflexionar sobre as normas de convivencia do Centro, que implique a aceptación por parte de todos e conduzan a unhas actitudes e comportamentos correctos.
 - Facer un seguemento da acción tutorial que mellore as accións emprendidas e que poida emendar os posibles erros cometidos ao longo do proceso.
 - Controlar as faltas de asistencia a clase e a súa posterior xustificación.
 - Desenvolver as actividades establecidas dentro da Acción Tutorial
- Coas familias
- Os titores disporán dunha hora semanal para atender individualmente ás familias co fin de atender as súas demandas, intercambiar información sobre aspectos que resulten relevantes para mellorar o proceso de aprendizaxe e tratar de promover a cooperación do pai no labor educativo que fai o profesorado.
 - O titor facilitará as entrevistas que os pais desexen manter cos profesores do grupo, poñendo en contacto aclos interesados.
 - Os titores manterán informados os pais sobre as situacións de non asistencia ou abandono que poidan darse ao longo do curso e buscarán a súa cooperación na adopción de medidas correctoras.
 - Tamén manterán unha comunicación fluída cos pais daqueles alumnos con poucas posibilidades de superar o curso, para informalos sobre as opcións académicas existentes.
 - Asesoralos sobre temas concretos como poden ser os relacionados coa sanidade, a hixiene, a drogodependencias, o alcoholismo, o tabaquismo, etc, que poden cristalizar en plans de actuación máis concretos.

PLANIFICACIÓN DA ACCIÓN TUTORIAL

Lineas de actuación

- Intentarase que todo o profesorado teña o mesmo horario de tutoría cos alumnos sobre todo na ESO.
- Os cursos elaborarán a principio de curso a programación da acción tutorial, tendo en conta os valores que son fundamentais para o crecemento persoal do alumnado, xunto co valor destacado do ano nas xornadas de sensibilización.

TRABALLARÁNSE OS SEGUINTES OBXECTIVOS ESPECÍFOS:

1- Ensinar e Aprender a ser persoa:

- Educar os alumnos na convivencia democrática e participativa.
- Favorecer o seu desenvolvemento moral e a adquisición de valores.
- Desenvolver no alumno un xuízo crítico e razoado.
- Ensinalo a aceptar a súa propia identidade e favorecer o seu autoconcepto e autoestima.
- Favorecer e desenvolver a afectividade.
- Tolerar, respectar e valorar as diferenzas individuais.
- Aprender a desterrar actitudes e comportamentos de intolerancia.
- Desenvolver actitudes positivas e de responsabilidade persoal.

2- Ensinar e Aprender a convivir e comportarse:

- Fomentar actitudes participativas que favorezan a integración no seu grupo e na vida do centro.
- Aprender a interactuar e relacionarse socialmente.
- Aprender a comunicarse cos demais.

- Aprender e cumprir as normas de convivencia, no centro e no ámbito.
- Fomentar a cooperación, a solidariedade, o traballo en grupo respectando as regras.

3-Ensinar e Aprender a decidirse:

- Ensinar a aprender o alumno a tomar decisións para que o faga dende a responsabilidade e o coñecemento.
- Ensinar a resolver problemas.
- Ensinar a situarse ante o conflito.
- Favorecer o coñecemento das súas aptitudes e calidades persoais, intereses e expectativas.

4- Ensinar e Aprender a pensar

- Adquirir estratexias que favorezan o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Ensinalos a organizar o seu tempo de estudo.
- Manexar técnicas de estudo, que favorezan o rendemento académico.
- Reflexionar sobre os seus propios fallos e aprender deles para ser corrixidos e valorar os progresos.
- Desenvolver un xuízo crítico e razoado sobre o seu traballo.
- A programación deste Plan de Acción Titorial desenvolverase formulando para cada obxectivo as actividades, o responsable de levalo a cabo, os recursos, a metodoloxía, os espazos físicos e a temporalización utilizadas.
- As liñas xerais do Plan de Acción Titorial quedará reflectido na PXA.
- A través do claustro poranse en común aqueles temas e aspectos que se consideran que debe traballar todo o centro.

Materiais

- Xornadas de Sensibilización.
- Materiais propostos polo departamento de orientación
- Materiais de editoriais.
- Caderno do profesor.
- Enquisa á alumnos en relación a temas propostos e que os poidan inquietar.
- Trípticos informativos.
- Normas de convivencia xerais do centro e particulares de cada aula

ACTUACIÓNS

*** Coas familias:**

- Colectivamente: a comezos de curso, ao termo de cada avaliación trimestral e ao final de curso. Trimestralmente a través da Escola de pais
- Individualmente: segundo os horarios acordados a principio de curso

PROXECTO : “ESCOLA DE PAIS

META

A escola de pais pretende ser un lugar de encontro e reflexión, onde poder aportar información sobre a evolución e o proceso de crecemento dos nenos, coa finalidade de que os pais coñezan os mecanismos para facilitarles a adquisición de comportamentos adecuados e hábitos saudables, para que aprendan a confiar en sí mesmos e así poidan transmitirlos os seus fillos

Queremos conseguir que os nosos nenos crezan como persoas sociables, respectuosas e plenamente autónomas.

OBXECTIVOS

1. Orientar e animar os pais na súa propia formación como educadores, ofrecéndolles información sobre distintos temas.
2. Fomentar a colaboración co centro na educación integral dos fillos/as.
3. Propiciar un lugar de encontro onde se produzan intercambios de experiencias.

METODOLOXIA

- Se programarán tres **sesións con carácter presencial**
- **Horario:** xoves de 15:15 a 17:00 h. Aula de 1º ESO.
- **Os temas dos diferentes obradoiros marcaranse o principio do curso escolar**

RECURSOS

- **Materiais**
 - Ofimáticos: fotocopias, folios, bolígrafos, carpetas.
 - Informáticos: ordenador, canón de proxección, pantalla...
- **Persoais**
 - Departamento de Orientación do Centro.
 - Profesorado do Centro.
- **Económicos**
 - Equipo directivo

CONVOCATORIA DE PAIS

- **Anunciarase:**
 - Envío de notificacións aos correos corporativos das familias
 - Anuncio na páxina web do Centro.
 - Carteis informativos nos taboleiros de anuncios do Centro

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Grao de participación e satisfacción das familias

*** Cos alumnos:**

- Colectivamente: unha sesión semanal nas dúas etapas
- Individualmente: sempre que sexa posible e en horas dispoñibles do titor.

OBRADOIROS EDUCACIÓN INFANTIL

Obxectivo: Reforzar e mellorar tres áreas básicas do desenvolvemento dos alumnos de Educación Infantil

Metodoloxía: Sesións de 30- 45 minutos por aula seguindo un horario fixado (anexo)

Organización:

Obradoiro de Linguaxe: responsable R ay, profesor de A.L.

Obradoiro de Autonomía: responsable Laura, profesor de reforzó educativo.

Obradoiro Habilidades Sociais e Educación emocional: responsable Inma, orientadora.

A profesora estará presente e colaborará nas sesións.

Cos profesores:

- Reunións de coordinación para a preparación e seguimento das actuacións emprendidas cos membros do equipo educativo. Unha sesión mensual.
- Proxecto de formación de titores: Por determinar

METODOLOXÍA

A realización das actividades cos alumnos será dinámica e activa, facilitando a participación, o diálogo e a conversación nas actividades que así requíranos: autocoñecemento, integración grupal, social e familiar, etc.

De calquera modo a integración curricular das tarefas suxeridas neste plan debería de ser o máis completa posible: introducindo calquera actividade nas diferentes áreas do programa.

Traballarase tamén en colaboración cos concellos e concellarías e con outras entidades para a realización de actividades de prevención da violencia, prevención de drogodependencias, consumo e educación vial,...

Traballarase na medida do posible, mediante soporte audiovisual (películas, curtametraxes, cancións,...) a través das lousas dixitais.

Respectarase o ritmo e os cambios na planificación.

O Plan de Convivencia guiará a acción tutorial. Poderemos constituír co alumnado de niveis superiores equipos de axuda e mediación escolar: intervirían na mellora e limpeza de patios e estanzas, nos conflitos que se produzan, lerían nenos máis pequenos, etc.

AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación do plan son:

- O grao de contribución do PAT aos obxectivos do Proxecto Educativo e do Plan de Convivencia.
- A adecuación dos obxectivos do PAT ás necesidades e intereses da Comunidade Educativa.
- A valoración por parte dos titores do PAT na acción tutorial, sinalando aspectos positivos e negativos xunto con propostas de mellora.
- A valoración dos alumnos/ás do PAT, tanto aspectos positivos como negativos, indicando aspectos a mellorar.

Os instrumentos que se utilizarán serán cualitativos basándose na observación, entrevistas e cuestionarios abertos.

PROCESOS DO PAT:

PAT 1 Proceso de asignación de profesores titores


PAT 2 Plan de acción tutorial do centro

PAT 3 Concreción PAT grupo: Actividades a desenvolver co profesorado, cos alumnos e coas familias.


PAT 4 Elaboración das accións vinculadas con pastoral e valores Vicencianos

PAT 5 Sensibilización de familias e profesorado


PAT 1. PROCESO DE ASIGNACIÓN DE PROFESORES TITORES



PAT 2. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL DO CENTRO




PAT 3. CONCRECIÓN PAT GRUPO: ACTIVIDADES A DESENVOLVER CO PROFESORADO, COS ALUMNOS E COAS FAMILIAS.



PAT 4. ELABORACIÓN DAS ACCIONS VINCULADAS CON PASTORAL E VALORES VICENCIANOS

ACCIÓN	RESPONSABLE	ASESORA
--------	-------------	---------



PAT 5. SENSIBILIZACIÓN DE FAMILIAS E PROFESORADO

